

Actividades PMUS PARTY

Mañá

11 h	11:30 h	12 h	12:30 h	13 h
Espazos que contan Ruta a pé	Mobilidade para tod@s Ruta sobre rodas para todos	Sube ao bus Ruta en bus circular	Dalle bóla Ruta familiar con pelotas xigantes	Pedaleando en familia Ruta en bici familiar (policía)

Tarde

17 h	17:30 h	18 h	18:30 h	19 h
Dalle bóla Ruta familiar con pelotas xigantes	Próxima parada... Ruta en bus con xogos en Monte Porreiro	Sube ao bus Ruta en bus circular	Vai en Bike Ruta en bici 12-16 anos (policía)	Espazos que contan Ruta a pé

Espazos que contan

Pontevedra é unha vila histórica que foi mudando co tempo. Neste paseo sosegado, percorrерemos as rúas que contan historias coñecendo os personaxes máis salientábeis e os cambios que experimentou o espazo público ao longo da súa historia.

Horario: Mañá - 11:00 h
Tarde - 19:00 h

Destinatarios: Persoas interesadas a partir de 16 anos

Duración: 90 minutos

Lonxitude aproximada

do percorrido: 2 km

Número de prazas: 30

Sube ao bus

O transporte público é un dos medios máis sostíbeis para desprazarse. Nesta actividade familiar, viaxaremos no bus nun percorrido circular pola nosa cidade para coñecer as vantaxes para o medio ambiente de empregar este tipo de transporte.

Horario Mañá - 12:00 h
Tarde - 18:00 h

Destinatarios Actividade familiar

Duración 30 minutos

Saída Praza de Galicia

Número de prazas 55

Próxima parada...

O transporte público facilítanos chegar a destinos próximos sen preocupacións e coidando o medio ambiente. Partiremos do centro para chegar ao barrio de Monte Porreiro onde nos agardan unha serie de actividades lúdicas para gozar en familia.

Destinatarios: Actividade familiar

Duración: 1,5 horas

Saída: 17:30 h Praza de Galicia

Regreso: 18:55 h / 19:55 h a Praza de Galicia

19:30 a M^a Victoria Moreno

Número de prazas: 40

Pedaleando en familia

O modelo urbano de Pontevedra permite as mobilidades alternativas, sendo a bicicleta un dos vehículos que se pode utilizar desde curta idade. Esta ruta pensada para compartir en familia será guiada por un axente de Policía Local e nela explicará cales son as principais normas que hai que seguir nun percorrido en bicicleta*.

Horario: Mañá - 13:00 h

Destinatarios: Actividade familiar

Duración: 30 minutos

Lonxitude aproximada do percorrido: 2,8 km

Saída: Praza da Peregrina

Número de prazas: 30

* Obrigatorio uso de casco

Vai en bike

As nenas e os nenos poden desprazarse en bicicleta, pois o espazo público ten características axeitadas que favorecen este tipo de mobilidade, pero é necesario coñecer as normas que regulan estes desprazamentos. Proponse unha actividade para a mocidade no que un axente da Policía Local guiará un percorrido explicando como facer unha condución segura.

Horario: Tarde - 18:30 h

Destinatarios: Mozas/os de 12 a 16 anos*

Duración: 40 minutos

Saída: Praza da Peregrina

Lonxitude aproximada do percorrido: 5 km

Número de prazas: 30

* Obrigatorio uso de casco

Dalle bóla

Nas rúas de Pontevedra prevalece a circulación peonil sobre outras formas de desprazamento. Isto é posible pola súa organización espacial, o que tamén favorece o xogo. Proponse unha actividade lúdica onde nenas e nenos a partir 6 anos farán un percorrido dirixido cunha pelota de 1,5 m de diámetro onde vivirán a rúa como un campo de xogo libre de perigos. Iso si, van ocupar tanto espazo coma os coches.

Horario: Mañá - 12:30 h
Tarde - 17:00 h

Destinatarios: Nenas e nenos a partir de 6 anos

Duración: 20 minutos

Saída: Praza da Peregrina

Lonxitude aproximada do percorrido: 1,2 km

Número de prazas: Ilimitadas

Mobilidade para tod@s

Unha cidade inclusiva debe favorecer as mobilidades alternativas, polo que se propón unha ruta accesíbel onde se pode participar con todo tipo de medios de transporte sen motor de combustión (bicicleta, patíns, patinete, skate, triciclo), para todas as idades e na que se facilitarán bicis adaptadas a quen o precise*

Horario: Mañá - 11:30 h

Destinatarios: Público xeral a partir dos 3 anos

Duración: 30 minutos

Saída: Praza da Peregrina

Número de prazas: Ilimitadas

* Obrigatorio uso de casco